

A vixencia de Rosalía, 175 anos despois

A Asociación de Escritores en Lingua Galega reivindica a "atemporalidade" da autora de 'Follas Novas' e a súa contribución á cultura e á lingua galegas cun recital das súas obras



Homenaxe a Rosalía de Castro no 175º aniversario do seu nacemento, onte no Kiosko Alfonso. / victor echave

Adiantouse "a este pobo de indignados que estamos a ser", aseguraba o texto que onte se leu en varias vilas galegas para celebrar o 175 aniversario do nacemento de Rosalía de Castro. O mundo da política estivo representado na homenaxe celebrada no Kiosko Alfonso, no que participaron concelleiros do BNG na Coruña. Na celebración, organizada pola Asociación de Escritores en Lingua Galega, revisaron tamén obras da autora compostelana as escritoras Estíbaliz Espinosa e Chelo Suárez

SARA VÁZQUEZ | A CORUÑA "Todos necesitamos volver a ela, lela, relela", aseguraba a secretaria xeral da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), Mercedes Queixas, no acto organizado pola entidade con que onte se conmemorou o 175º aniversario do nacemento da "poeta fundacional do sistema literario galego", Rosalía de Castro.

"Hoxe, Rosalía, que foi quen de cantar máis aló das flores", e "voz que se adiantou a este pobo de indignados que estamos a ser", rezaba o texto co que a secretaria da AELG, entidade organizadora da homenaxe, e a vicepresidenta, Antía Otero, abriron o acto, idéntico aos que lían membros da entidade en vilas de toda Galicia. Despois, sucedéronse as lecturas de pezas da autora a cargo de políticos, escritores e cidadáns anónimos. Os participantes coincidiron en destacar a vixencia da autora, "unha visionaria", e a súa contribución á lingua e á cultura de Galicia.

A "atemporalidade" da obra rosaliana fiou a homenaxe. "O que acaba de ler a compañeira paréceme do máis actual", considerou a escritora coruñesa Chelo Suárez, quen recitou un poema de Follas Novas.

O voceiro municipal do BNG, Xosé Manuel Carril, escolleu para honrar á poeta ler o prólogo de Cantares gallegos, onde Rosalía enumera virtudes "da Galicia mesma que xulgan o máis feo e desprezable de España, cando quizais sexa o máis fermoso e digno de alabanza". No escrito, que data de 1963, a autora compostelana apunta ás agresións do pobo francés ao español para "case" alegrarse posto que os ataques permitirían aos españois comprender o que eles mesmos facían aos galegos.

"Sófrese tanto nesta querida terra gallega", arrincaba o fragmento escollido pola exconcelleira de Xuventude e Normalización Lingüística, Ermitas Valencia, que se decantou para o acto por "unhas palabras da autora" que figuran "despois da dedicatoria e o prólogo de Follas Novas". No texto recitado pola nacionalista, Rosalía adéntrase na dor das mulleres galegas pola marcha dos seus homes, que emigraban para buscar traballo fóra. Tamén sobre a emigración trata o poema escollido pola autora Estíbaliz Espinosa. A edil nacionalista María Xosé Bravo

apostou por *A xustiza pola man*, de Follas Novas.

A celebración do nacemento da escritora chegará tamén ao mundo do audiovisual. O Centro Galego de Artes da Imaxe (CGAI) honrará a Rosalía coa proxección, hoxe, de dúas pezas: *Homenaxe a Rosalía de Castro*, de 1939, que descobre imaxes dunha homenaxe en Bos Aires con destacados intelectuais; e un documental elaborado no ano 2000 que recupera imaxes de *Peregrinaxe lírica aos lugares rosalianos* de 1951. A entrada será de balde.